

# Índice

## O servizo de Gardacostas de Galicia

Organización

Medios

Aéreos

Marítimos

Terrestres



Colaboran:



Real  
Liga  
Naval  
Española



Proxecto financiado por:



Financiado pola Unión Europea  
Fondo Europeo Marítimo e de  
Pesca (FEMP)



Grupo de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
A Mariña-Ortegal



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR

# O SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA

O Servizo de Gardacostas de Galicia traballa 24 horas ao día os 365 días do ano na vixilancia, procura e salvamento de persoas en dificultades no mar e na protección do medio mariño nas augas galegas. Depende directamente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.



Desde a súa creación en 1990, salvou a vida de preto de 1.800 persoas. Ademais de velar pola seguridade da xente no mar, o Servizo de Gardacostas realiza un importante labor na loita contra a contaminación mariña e na persecución das actividades de pesca e marisqueo ilegais nas augas galegas.



Os gardacostas sancionan a quen non respecta as normas: por exemplo porque captura especies por debaixo do tamaño mínimo legal, utiliza artes de pesca non regulamentarios, ou non acata os períodos ou zonas de veda; e prexudica desta forma aos miles de profesionais que viven da pesca e do marisqueo en Galicia. Tamén evitan a venda dos produtos do mar por fóra das vías legais de comercialización e que cheguen aos consumidores peixes e mariscos que non cumpran coas garantías sanitarias.





# Organización

O organismo conta cunha unidade central en Santiago de Compostela desde onde se dirixe, prográmanse actuacións, e coordínanse, controlan e seguen as actividades do Servizo de Gardacostas.

As unidades operativas periféricas distribúense ao longo de toda a costa galega: Celeiro, Ferrol, Coruña, Muxía-Portosín, Ribeira, Vilaxoán, Pontevedra e Vigo, garantindo que o radio de acción do Servizo de Gardacostas abarca os 1.498 quilómetros do litoral de Galicia.



No Servizo de Gardacostas de Galicia traballan máis de 200 persoas entre inspectores, subinspectores, patróns e mecánicos, vixiantes mariñeiros e persoal de empresas que colaboran co servizo.



# Medios

## Aéreos:

- helicóptero Pesca 1, con base en Vigo
- helicóptero Pesca 2, con base en Celeiro, un unidade modelo Sikorsky 76 que poderás ver durante a visita virtual.



**E**n total, o servizo aéreo está formado por 18 pilotos, 9 operadores de guindastre, 9 rescatadores, 10 técnicos de mantemento e 1 administrativo.





## Marítimos:

Embarcacións itinerantes por toda a costa galega:

- Sebastián de Ocampo
- IP 700 "Paio Gómez Chariño"
- Irmáns García Nodal
- Valentín Paz Andrade



**E**mbarcacións con base en nas diferentes unidades operativas: un total de 19

**A**maiores, dispón do buque Ría de Vigo contratado xunto coa EMSA, Axencia Europea de Seguridade Marítima, para a loita contra a contaminación.

## Terrestres:

- 60 vehículos
- 3 camionetas